EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 16 DE NOVEMBRO DE 2018 AO OBXECTO DE APROBAR A CONVOCATORIA, BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL AO OBXECTO DA FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS LABORAIS TEMPORAIS "EN PRÁCTICAS" DE DIVERSAS TITULACIÓNS.

En sesión celebrada o día 16 de novembro de 2018, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo por unanimidade, **ACORDA:**

1ºAprobar as Bases Xerais e Bases Específicas que rexerán os procedementos selectivos, mediante o sistema de concurso, para a cobertura provisional con persoal laboral temporal, vinculado a esta Entidade mediante contrato laboral "en prácticas" regulado no artigo 11 Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, dos seguintes empregos:

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018 ata a día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

DENOMINACIÓN DO EMPREGO	TÍTULO ACADÉMICO	Nº EMPREGOS
GRADUADO/A / LICENCIADO/A EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS.	GRADUADO/A / LICENCIADO/A EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB.	1
GRADUADO/A / LICENCIADO/A EN XORNALISMO.	GRADUADO/A / LICENCIADO/A EN XORNALISMO.	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN MARKETING E PUBLICIDADE.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN MARKETING E PUBLICIDADE.	2
TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO EN FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO EN FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA	1
TITULADO/A SUPERIOR DE DESEÑO GRÁFICO	TITULADO/A SUPERIOR DE DESEÑO GRÁFICO	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE	1
TÉCNICO/A SUPERIOR EN ASISTENCIA Á DIRECCIÓN.	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO/A SUPERIOR EN ASISTENCIA Á DIRECCIÓN.	2

2ºConvocar publicamente a quen desexe participar nos procesos selectivos ao obxecto de cubrir, con carácter provisional mediante contrato laboral temporal "en prácticas", os devanditos empregos.

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación deste Anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

DENDE O 24 DE NOVEMBRO O 3 DE DECEMBRO

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018
ata a día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE DE *"CONTRATO EN PRÁCTICAS"* AO OBXECTO DE PRESTAR SERVIZOS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (COTA XERAL OU COTA DE DISCAPACITADOS).

1.- OBXECTO DOS CONTRATOS EN PRÁCTICAS.

Apreciando as dificultades que atopan os novos titulados universitarios e de formación profesional para introducirse profesionalmente no mercado laboral, como consecuencia da actual situación económica, ponse en marcha, dentro das políticas de emprego que está a desenvolver a Deputación Provincial, o "Programa de Primeira Oportunidade" aprobado en Xunta de Goberno do 28 de agosto de 2018, creado coa finalidade, da obtención polo empregado da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos académicos cursados, a través da contratación baixo a modalidade "en prácticas".

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONVOCATORIAS.

As correspondentes convocatorias poderán efectuarse a través:

a) Da cota Xeral.

b) Da cota de Discapacitados.- Convocatoria exclusiva para os/as aspirantes que posúan un grao igual ou superior ao 33 % recoñecido como tal polo organismo competente.

As funcións a realizar nos empregos que se convoquen serán as que sinalen as correspondentes Bases Específicas.

O persoal seleccionado prestará servizos nas distintas Unidades da Deputación nas que desempeñarán tarefas nas que se precise empregar coñecementos adquiridos nas correspondentes titulacións académicas requiridas.

A convocatoria e as bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web (www.deputacionlugo.org.).

O presente documento estará exposto no Taboeiro de anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018 ata a día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

3.- NORMAS DE APLICACIÓN.

3.1.- NORMATIVA XERAL.

Serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no que resulten vixentes, a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RD Lexislativo 781/1986, de 18 do abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, o RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración Xeral do Estado.

3.2.- NORMATIVA ESPECÍFICA.

- Artigo 11.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

- RD 488/98, de 27 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos formativos.

- Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

4.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDOS AO PROCESO SELECTIVO.

4.1.- REQUISITOS XERAIS.

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza/posto/emprego á que aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) No caso da cota de discapacitados, ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

4.2.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS/AS ASPIRANTES.

a) Os/as aspirantes estarán en posesión de título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, ou de certificado de profesionalidade de acordo co previsto na Lei Orgánica 6/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, que habiliten para el exercicio profesional. A devandita titulación académica será a sinalada nas bases específicas.

- **Na cota xeral:**

o Os/As aspirantes maiores de 30 anos: Dende a data de terminación dos estudos non poderán transcorrer máis de cinco anos.

o Aos/Ás menores de 30 anos: Non se lles terá en conta a data de terminación dos estudos. É dicir, non rexerá o límite temporal anteriormente sinalado.

- **Na cota de discapacitados:**

o Os/As aspirantes discapacitados maiores de 30 anos: Dende a data de terminación dos estudos non poderán transcorrer máis de sete anos.

o Aos/Ás aspirantes discapacitados menores de 30 anos: Non se lles terá en conta a data de terminación dos estudos. É dicir, non rexerá o límite temporal anteriormente sinalado.

Se a titulación esixida é obtida no estranxeiro, deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. Para computar os anteriores límites temporais, no caso de efectuar os estudios académicos no estranxeiro, partirase dende a data do recoñecemento ou homologación do título académico en España.

b) Os/As aspirantes non posuirán experiencia laboral directamente relacionada co contido funcional da titulación académica esixida nas bases específicas superior a 18 meses. A devandita limitación temporal xustificase o estipulado no artigo 11.1.b) do RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores, o que sinala: *"A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder dos dous anos."*.

5.- SOLICITUDES.

5.1.Presentación. Os/As aspirantes poderán participar no/s proceso/s selectivo/s presentando unha solicitude no modelo oficial que figura como Anexo destas Bases, estando tamén dispoñible na páxina webwww.deputaciónlugo.org e na Unidade de Atención ao Cidadán.

5.2.Prazo de presentación. 10 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

5.3.Lugar de presentación. A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo ou a través das formas establecidas no artigo 16 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos antes de seren certificadas.

5.4. Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos/as aspirantes, relacionando e acreditando documentalmente os méritos que aleguen conforme se establece na base 6.

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NECESARIAMENTE COA SOLICITUDE.

6.1.-Documento acreditativo do pagamento da taxade participaciónen procedementos selectivos (Ordenanza da entidade publicada no BOP nº 202 de 1 de setembro de 2004), no que deberá figurar o nº do DNI e o emprego ao que se presenta.

a)Contía da taxa. 15 euros ou 3,75 si se presenta certificación do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado/a e de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

b)Forma de pagamento. Nas oficinas da Tesourería da Deputación (San Marcos s/n), mediante xiro postal ou mediante transferencia bancaria á conta número ES04-2080-0163-85-3110000423 de Abanca.

c) Prazo. Dentro das datas do prazo de presentación de instancias.

En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento substituirá a obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

6.2.-Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

6.3.-Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) **da titulación académica** esixida nas Bases específicas ou, no seu defecto, certificación académica dos estudios realizados a que necesariamente acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

Se a documentación anteriormente citada non especifica a data en que se remataron os estudos académicos esixidos, será necesario que os/as aspirantes presente **certificado onde se acredite a data** en que remataron os devanditos estudos.

6.4.-Informe de Vida Laboral e, se é o caso, **fotocopia compulsada do/s contrato/s laborais** formalizados e relacionados coas relacións laborais relacionadas no devandito Informe de Vida Laboral.

6.5.-Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación deberá presentarse soamente no suposto de convocatoria de procesos reservados á cota de discapacitados.

6.6.-Documentos que acrediten debidamente os méritos.

6.6.1.- Forma de acreditar os méritos.

Deberá acompañarse á solicitude, dentro do prazo de presentación de solicitudes, as copias compulsadas dos documentos que acrediten os méritos alegados para poder ser puntuados conforme ao baremo.

Os méritos relacionados na solicitude deberán estar suficientemente acreditados para a súa valoración polo Tribunal. Os méritos relacionados non acreditados, ou acreditados unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, non serán tidos en conta polo Tribunal.

O presente documento estará exposto ao público no Taboleiro de Anuncios desta Deputación dende o día 23 NOV 2018 ata a día 13 DIC 2018
O XEFE DA UNIDADE DE PORTERÍA E VIXIANCIA

Os méritos acreditados, puntuaranse ata a data do remate do prazo de presentación de instancias e deberán posuírse na dita data.

6.6.2.- Documentos a presentar para xustificar as acreditacións dos distintos apartados do baremo.

a) Experiencia prelaboral.

Certificación expedida pola administración pública e/ou empresa privada e Informe de Vida Laboral.

b) Titulacións académicas oficiais.

b_1)Expediente académico da titulación esixida para o acceso ao proceso selectivo. Certificación coas cualificacións obtidas nas distintas materias cursadas. Nesa certificación cómpre que figure a nota media obtida ao remate da titulación académica.

b_2) Outras titulacións oficiais: Copia compulsada dos documentos acreditativos de posuír outras titulación/s académica/s: carreiras, masters oficiais, doutoramento.

b_3)Titulacións de idiomas: Copia compulsada dos documentos acreditativos.

c) Formación complementaria: Copia compulsada dos documentos acreditativos de accións formativas: cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters, ...

d)Superación de exercicios en procesos selectivos de carácter ordinario (acceso a funcionario de carreira e a laboral fixo): Certificación expedida pola administración pública correspondente.

7.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/OS.

7.1.-Lista provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Presidente da Deputación ditará resolución na que se aprobe a lista provisional de admitidos/as e, se é o caso, excluídos/as. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Deputación.

7.2.-Prazo de alegacións. O prazo para que os/as excluídos/as poidan alegar o que consideren será de 2 días naturais a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios.

7.3.-Lista definitiva. De considerarse as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

8.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

8.1.-Composición.O Tribunal de selección acomodarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplente, podendo actuar indistintamente, tendo todos eles voz e voto.

Presidente: O Xefe de Servizo de Recursos Humanos.

Vogais: Tres técnicos ou expertos designados polo Presidente da Deputación Provincial.

Secretario: O da Corporación ou funcionario que o substitúa.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza/posto ou emprego que se convoca.

8.2.-Actuación do Tribunal. O Tribunal resolverá tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nas Bases Xerais e Específicas e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

8.3.-Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Presidencia. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na páxina www.deputacionlugo.org.

8.4.- Incorporación de asesores e persoal de colaboración.O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de apoio no desenvolvemento do sistema selectivo.

O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23 NOV. 2018
ata a día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

9.- CITACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA ENTREVISTA.

A citación ao Tribunal e aos/ás aspirantes, para a realización da entrevista, deberá publicarse no Taboleiro de Anuncios cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse.

10.- O SISTEMA DE SELECCIÓN SERÁ O CONCURSO.

10.1.-BAREMO DE MÉRITOS.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, segundo se determina na base 6.6, conforme o sinalado no presente baremo:

a) Experiencia prelaboral.

No suposto de relacións de carácter parcial, o cómputo do tempo da concreta relación prelaboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Valorarase ata un máximo dous puntos.

Por ser bolseiro ou realizar prácticas non laborais, en calquera Administración Pública e/ou empresa privada, sempre que as correspondentes experiencias prelaborais foran adquiridas no ámbito dos coñecementos da titulación académica esixidas para participar nos procesos selectivos ao obxecto da formalización dos contratos laborais en prácticas: 0,10 puntos por mes.

Quedan excluídas do baremo as prácticas profesionais realizados polos estudantes como parte integrante dos seus estudos académicos ou dos cursos de formación profesional.

b) Polas titulacións académicas oficiais.

b_1) Polo expediente académico da titulación esixida para o acceso ao proceso selectivo: A puntuación máxima será de cinco puntos.

- Por unha cualificación media de sobresaínte: 5 puntos.
- Por unha cualificación media de notable: 4 puntos.
- Por unha cualificación media de ben: 3 puntos.
- Por unha cualificación media de suficiente: 2 puntos.

b_2) Polas outras titulacións oficiais distintas á titulación esixida para o acceso ao proceso selectivo sempre que o Tribunal considere que está relacionada co emprego ao que se opta, valorarase cun máximo de tres puntos.

- Por un grao universitario: 2 puntos.
- Por un master oficial: 1 punto.
- Por un doutoramento: 1 punto.
- Por un grao medio de Formación Profesional: 0,75 puntos.
- Por un grao superior de Formación Profesional: 1,25 puntos.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018 ata a día
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

b_3) Polas titulacións oficiais en idiomas.

$b_{3.1}$) Polo idioma galego. A puntuación máxima será dun punto.

- Polo Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación , curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,20 puntos.

- Polo Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas 0,30 puntos.

- Polo ciclo superior de estudos de galego das Escolas Oficias de idiomas, Curso medio de Linguaxe Administrativa ou xurídica galega: 0,50 puntos.

- Polo Celga 5, Nivel superior de linguaxe administrativa galega, nivel superior de linguaxe xurídica galega, tradutor especialista en linguaxe xurídica administrativa: 0,75 puntos.

- Pola Licenciatura de Filoloxía galega e Filoloxía hispánica, subsección de galego-portugués: 1 punto.

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.

Só se lle concederá validez, para acreditar o idioma galego, os cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Neste apartado non se valorará como mérito o nivel de galego esixido nas bases específicas de cada un dos empregos que se convoquen.

$b_{3.2}$) Polos idiomas comunitarios e estranxeiros. A puntuación máxima será de dous punto.

O coñecemento destes idiomas valorarase, cando sexan relevantes para as funcións que se sinalan nas bases específicas, do seguinte xeito:

- Por cursos das Escolas Oficiais de Idiomas ata un máximo de 0,60 puntos, a razón de 0,10 por curso.
- Por unha titulación universitaria de licenciado/a ou graduado/a ata un máximo de 1 punto.
- Outros cursos valoraranse, dentro da puntuación máxima, a xuízo do Tribunal.

c) Pola formación complementaria: Cursos, xornadas, seminarios, congresos, e similares relacionadas coas funcións do emprego ao que se opta. Valoraranse segundo a seguinte táboa e ata un máximo de tres puntos.

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,002
Aproveitamento.	0,004
Impartir cursos.	0,006

Os master non oficiais (títulos propios) relacionados coas funcións do emprego ao que se opta valorarase cun punto.

Igualmente se valorarán, conforme á escala anterior, as materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas, incluídos os master oficiais, non rematadas.

Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións do posto/emprego á que se opta.

As publicacións, proxectos, ... relacionados coas funcións do posto de traballo, valoraranse, a criterio do Tribunal de selección, en función do seu contido e da relevancia para o desempeño dos empregos convocados.

d) Superación de exercicios noutros procesos selectivos. Valorarase ata un máximo dun punto.

Ter superado exercicios para acceso, con carácter definitivo, á idéntica praza á que se opta en calquera Administración Pública, nos dous anos anteriores, a razón de 0,25 puntos por exercicio superado.

10.2.- ENTREVISTA CURRICULAR.

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica, formación e experiencia acreditadas no currículo, en relación coas funcións que se sinalan nas bases específicas da praza/emprego ao que se opta.

Valorarase principalmente a aptitude e actitude para a praza/emprego que se convoca.

A entrevista será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non se presenten a súa realización.

Cualificarase ata un máximo de cinco puntos.

10.3.-PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle comprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

Os/as aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o nivel de galego esixido nas Bases específicas non terán que realizar esta proba.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de anuncios desta Deputación
desde o día 23 NOV. 2018
ata o día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no proceso selectivo, establecéndose para estes efectos a orde definitiva dos/as aspirantes seleccionados/as.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, tendo en conta o artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, cando nun determinado emprego da Administración Pública Galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a favor da muller.

No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres ou entre dous homes, este resolverase acudindo á puntuación obtida no expediente académico da titulación esixida para o acceso ao proceso selectivo. De manterse o empate, acudirase á puntuación obtida noutras titulacións oficiais. De manterse o empate acudirase á puntuación obtida na formación complementaria. De persistir o empate acudirase á orde alfabética dos apelidos.

12.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista dos/as aspirantes seleccionados/as, formulará proposta de selección ante a Presidencia, sen que esta poida superar o número de empregos convocados. A dita proposta publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina webwww.deputacionlugo.org.

Co fin de asegurar a cobertura dos empregos convocadas/os, cando se produzan renuncias dos/as aspirantes seleccionados/as antes da formalización do contrato laboral "en prácticas", o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos/ás propostos/as, para a súa posible resolución do concurso de méritos convocado con persoal laboral temporal "en prácticas".

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

13.1.-Documentación que os/as aspirantes seleccionados/as teñen que acreditar documentalmente mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais.

a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar que se sinalan nas bases específicas.

b) Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

c) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

d) No caso de participar a través da cota de reserva de discapacitados, certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar e, se é caso, da Administración pública correspondente que acredite o grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Así mesmo, a Deputación Provincial, poderá requirir, respecto as persoas que acedan a través da indicada cota, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade do desempeño das correspondentes funcións.

13.2.-Lugar de presentación. Os devanditos documentos presentaranse no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial.

13.3.- Prazo de Presentación.O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que poderá ampliarse cando os/as seleccionados/as acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

14.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

Á vista da proposta do Tribunal, de constatar que os/as aspirante/s seleccionados/as acreditan os requisitos esixidos para acceder aos empregos que se convocan, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo decidindo a formalización do contrato laboral temporal na súa modalidade de "en prácticas" aos/ás aspirante/s propostos/as.

15.- COMPATIBILIDADE CO DESEMPEÑO DO EMPREGO QUE SE CONVOCA.

Os/As aspirantes que veñan desempeñando unha actividade pública ou privada e queiran continuar realizándoa, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade de conformidade co establecido no artigo 13 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, de la Seguridade Social e dos Entes, Organismo e Empresas Dependentes en relación co artigo 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo á Deputación Provincial de Lugo, os/as aspirantes seleccionados comprometeranse a renunciar á mencionada actividade para poder formalizar o contrato laboral en prácticas.

16.- DURACIÓN DO CONTRATO LABORAL DE PRÁCTICAS.

Os contratos laborais en prácticas que se formalicen terán unha duración inicial de 6 meses. Non obstante, tal como sinala o artigo 19 do RD 488/1998, de 27 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018 ata a día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

Traballadores en materia de Contratos Formativos, as partes poderán acordar ata dúas prórrogas sen que a duración total do contrato poida exceder da duración máxima de dous anos.

17.- PERÍODO DE PROBA.

O período de proba terá a duración que se estableza nas bases específicas, a cal non superará os límites temporais establecidos, en defecto de previsión en convenio colectivo, no artigo 18 do RD 488/1998, de 27 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 11 dos Estatuto dos Traballadores en materia de Contratos Formativos.

18.- LISTAXE DE PERSOAL "EN PRÁCTICAS".

Cos/as aspirantes que non foron seleccionados, por superar o número de empregos convocados, constituirase a correspondente "listaxe de aspirantes a formalizar contratos en prácticas", individualizadas por titulacións académicas, ao obxecto de futuras incorporacións sempre en cando os/as distintos/as compoñentes continúen cumprindo os requisitos xerais e específicos sinalados nas presentes bases.

Estas *listaxes de aspirantes a formalizar contratos en prácticas* serán independentes daquelas listaxes, de carácter ordinario, de emprego provisional existentes ou que se poidan constituír na Deputación Provincial de Lugo.

Non obstante, *as listaxes de aspirantes a formalizar contratos en prácticas* rexeranse polas normas de funcionamento reguladas ao abeiro da Resolución da Presidencia de data 29 de setembro de 2009, pola que se aproba a modificación dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 231, de 8 de outubro de 2009.

19.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Convenio Colectivo Único para persoal laboral ou Acordo Marco Único para o persoal funcionario vixentes nesta Entidade e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

20.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estime procedente.

BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE DE "CONTRATO EN PRÁCTICAS" AO OBXECTO DE CUBRIR UN EMPREGO DE GRADUADO/A LICENCIADO/A EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS, EN PRÁCTICAS.

1.- NÚMERO DE EMPREGOS QUE SE CONVOCAN: 1.

2.- DENOMINACIÓN DO EMPREGO QUE SE CONVOCA: Graduado/a Licenciado/a en Administración e Dirección de Empresas "en prácticas".

3.- RELACIÓN XURÍDICA: Laboral Temporal. Contrato "en prácticas".

4.- ADSCRICIÓN: En calquera Unidade administrativa da Deputación onde o persoal contratado en prácticas poida realizar un cometido relacionado coa titulación académica requirida.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación ata a día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
23 NOV 2018

5.- FUNCIÓNS DO EMPREGO:

O cometido funcional deste emprego consistirá na realización das funcións propias da titulación académica esixida **Graduado/a Licenciado/a en Administración e Dirección de Empresas**"en prácticas", todo iso, baixo a dirección e supervisión correspondente.

6.- TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA: Graduado/a Licenciado/a en Administración e Dirección de Empresas, obtida nos 5 anos anteriores á convocatoria (7 anos no caso de persoas con grao de discapacidade superior ao 33%).Aos menores de 30 anos non se lles terá en conta a data de terminación dos estudos. É dicir, non rexerá o límite temporal anteriormente sinalado.

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- RETRIBUCIÓNS:

As retribucións a percibir polo/a ocupante deste emprego serán fixadas conforme ao disposto na modificación do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, asinado o día 12 de setembro de 2017 polos membros da comisión negociadora e aprobado en sesión plenaria da Deputación en data 26 de setembro de 2017 (BOP Nº 262 do 15 de novembro de 2017).

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación dende o día 23 NOV. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

A base de cálculo para fixar as retribución será o importe que lle corresponde á praza/posto **Graduado/a Licenciado/a en Administración e Dirección de Empresas** "en prácticas" (Equiparable ao Grupo/Subgrupo A/A1 na súa categoría de "posto de entrada").

Retribución a percibir:

- Nos primeiros seis meses de contrato as retribucións do persoal contratado baixo esta modalidade serán por un importe do 60% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, Nivel de Entrada.

- A partir do primeiro día do sétimo mes de vixencia do contrato de traballo e ata o seu remate as retribucións serán por un importe do 95% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, no Nivel de Entrada.

En ningún caso, poderá ser inferior ao Salario Mínimo Interprofesional.

9.- DURACIÓN DO PERÍODO DE PRUEBA: Dous meses.

BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE DE "CONTRATO EN PRÁCTICAS" AO OBXECTO DE CUBRIR UN EMPREGO DE TÉCNICO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS, EN PRÁCTICAS.

1.- NÚMERO DE EMPREGOS QUE SE CONVOCAN: 1.

2.- DENOMINACIÓN DO EMPREGO QUE SE CONVOCA: Técnico superior de Administración e Finanzas "en prácticas".

3.- RELACIÓN XURÍDICA: Laboral Temporal. Contrato "en prácticas".

4.- ADSCRICIÓN: En calquera Unidade administrativa da Deputación onde o persoal contratado en prácticas poida realizar un cometido relacionado coa titulación académica requirida.

5.- FUNCIÓNS DO EMPREGO:

O cometido funcional deste emprego consistirá na realización das funcións propias da titulación académica esixida **Técnico superior de Administración e Finanzas** "en prácticas", todo iso, baixo a dirección e supervisión correspondente.

6.- TITULACIÓN ACADÉMICA ESIXIDA: Grado Superior en FP.- **Técnico superior de Administración e Finanzas,** obtida nos 5 anos anteriores á convocatoria (7 anos no caso de persoas con grao de discapacidade superior ao 33%).Aos menores de 30 anos non se lles terá en conta a data de terminación dos estudos. É dicir, non rexerá o límite temporal anteriormente sinalado.

7.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

8.- RETRIBUCIÓNS:

As retribucións a percibir polo/a ocupante deste emprego serán fixadas conforme ao disposto na modificación do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, asinado o día 12 de setembro de 2017 polos membros da comisión negociadora e aprobado en sesión plenaria da Deputación en data 26 de setembro de 2017 (BOP Nº 262 do 15 de novembro de 2017).

A base de cálculo para fixar as retribución será o importe que lle corresponde á praza/posto **Técnico superior de Administración e Finanzas** "en prácticas" (Equiparable ao Grupo B na súa categoría de "posto de entrada").

Retribución a percibir:

- Nos primeiros seis meses de contrato as retribucións do persoal contratado baixo esta modalidade serán por un importe do 60% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, Nivel de Entrada.

- A partir do primeiro día do sétimo mes de vixencia do contrato de traballo e ata o seu remate as retribucións serán por un importe do 95% das correspondentes ao seu grupo e/ou subgrupo de clasificación segundo a titulación que o habilite para a subscrición do contrato, no Nivel de Entrada.

En ningún caso, poderá ser inferior ao Salario Mínimo Interprofesional.

9.- DURACIÓN DO PERÍODO DE PRUEBA: Un mes.

BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL BAIXO A MODALIDADE DE "CONTRATO EN PRÁCTICAS" AO OBXECTO DE CUBRIR UN EMPREGO DE TÉCNICO SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB, EN PRÁCTICAS.

1.- NÚMERO DE EMPREGOS QUE SE CONVOCAN: 1.

2.- DENOMINACIÓN DO EMPREGO QUE SE CONVOCA: Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web "en prácticas".

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO I DAS BASES XERAIS QUE REGULAN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL EN PRÁCTICAS.

DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN:	
RÉXIME XURÍDICO:	LABORAL TEMPORAL EN PRÁCTICAS.
DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:	

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR:	TELÉFONO MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO:		

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos:

a) Xerais:

- Ter nacionalidade española ou doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título académico .....
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.
- No caso da cota de discapacitados, ter recoñecida un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

b) Específicas:

- Na cota xeral: Para os maiores de 30 anos: non haber transcorrido máis de cinco anos dende a data de terminación dos estudos.
- Na cota de discapacitados: Para discapacitados maiores de 30 anos: non haber transcorrido máis de sete anos dende a data de terminación dos estudos.
- Non posuír experiencia laboral directamente relacionada co contido funcional da titulación académica esixida superior a 18 meses.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018 ata o día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

SOLICITO:

- Ser admitido/a para participar no procedemento selectivo.

Marcar en caso afirmativo:

☐ A exención de realizar a proba de galego por posuír o nivel esixido nas Bases específicas.

☐ A adaptación das probas que se sinalan a continuación, por acreditar unha discapacidade igual ou superior ao 33% e o motivo da discapacidade:

Descrición proba e adaptación solicitada.

(Sinatura)

Lugo, ... de ..... de .....

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV 2018 ata o día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE DE PORTERÍA E VIXIANCIA

AO SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER ACREDITADOS DOCUMENTALMENTE POLOS ASPIRANTES SEGUNDO SE SINALA NA BASE XERAL 6.

a) EXPERIENCIA PRELABORAL (Máximo 2 puntos).

NA ADMÓN. PÚBLICA.		
Denominación Administración.	Denominación emprego.	Tempo de DURACIÓN DA RELACIÓN.
NA EMPRESA PRIVADA.		
Denominación da Empresa.	Denominación emprego.	Tempo de DURACIÓN DA RELACIÓN.

b) TITULACIÓNS ACADÉMICASOFICIAIS.

b_1) Polo expediente académico da titulación esixida para o acceso ao proceso selectivo (Máximo 5 puntos).	
Nota media de: .....:	
b_2) Por outras titulación oficiais distintas á titulación esixida para o acceso ao proceso selectivo e relacionadas co emprego ao que se opta (Máximo 3 puntos).	
b_3) Polas titulacións oficiais en idiomas.	
$b_{3.1}$) Polo idioma galego (Máximo 1 punto).	
$b_{3.1}$) Polos idiomas comunitarios e estranxeiros (Máximo 2 puntos).	

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018 ata o día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

c) Pola formación complementaria: cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares (Máximo 3 puntos).

ASISTENCIA.		
Nº Orde.	Denominación da acción formativa.	Nº horas.
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		

APROVEITAMENTO.		
Nº Orde.	Denominación da acción formativa.	Nº horas.
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		

IMPARTICIÓN.		
Nº Orde.	Denominación da acción formativa.	Nº horas.
1		
2		
3		
4		
5		
6		

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018 ata o día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

d) Pola superación de exercicios noutros procesos selectivos (Máximo 1 punto).

Proba superada.	Nº e data do Boletín Oficial de publicacion da convocatoria

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. '
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectifica e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. Ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	- Teléfono: 982260000 -Fax: 982180004 - Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org - Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 NOV. 2018 ata a día 13 DIC. 2018
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

En virtudeda Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que proporcione será tratados polaDeputación de Lugo coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderáexercitar os seusdereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito áDeputación Provincial de Lugo, calle San Marcos, 8, 27001 LUGO.